

ROBERTO VIDAL BOLAÑO**1**

ROBERTO VIDAL BOLAÑO ESTÁ CONSIDERADO COMO O GRAN DRAMATURGO GALEGO, AUTOR DE MÁIS DE TRINTA OBRAS TEATRAIS, FOI UN DOS CREADORES DO TEATRO PROFESIONAL GALEGO E EN GALEGO, MOTIVO POLO QUE A REAL ACADEMIA LLE DEDICA O DÍA DAS LETRAS DESTA ANO 2013.



1.- Como se chama o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, 2013?

2.- Cantas obras teatrais escribiu?

3.- Por que a Real Academia Galega lle dedica o Día das Letras?

ROBERTO VIDAL BOLAÑO**2**

ROBERTO NACEU O 31 DE XULLO DE 1950 NA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, COINCIDINDO CO REMATE DAS FESTAS DO APÓSTOLO. «NADA MÁIS DECIRLLE AO MEU PAI QUE TIVERA UN NENO, BOTARON OS FOGUETES E PRENDÉRONLLE LUME Á TRACA. ATA SEMELLABA QUE ERA POR MIN»



4.- Que día naceu Roberto? En que cidade?

5.- Por que decía Roberto que botaran os foguetes e prenderan a traca nas festas do Apóstolo?

ROBERTO VIDAL BOLAÑO



3

ROBERTO E CARMEN ERAN OS PAIS DE ROBERTO. OITO ANOS DESPOIS DO NACEMENTO DE ROBERTO VIDAL, NACERÍA A SÚA IRMÁ MARÍA DEL CARMEN. OS SEUS PRIMEIROS ANOS PASARON NO BARRIO COMPOSTELÁN DE VISTA ALEGRE.



6.- Como se chamaban os pais de Roberto?

7.- En que barrio compostelán pasou a súa infancia?

ROBERTO VIDAL BOLAÑO



4

OS PRIMEIROS ESTUDOS REALÍZAOS NA ESCOLA DA TROIA E NA ACADEMIA RÍOS, NA RÚA DO FRANCO. ANOS MÁIS TARDE COMEZA OS ESTUDOS DE ESCRIBENTE ADMINISTRATIVO NO COLEXIO DE LA SALLE, CONTINUANDO NO INSTITUTO DA PRAZA DE MAZARELOS E NO XELMÍREZ, EN SANTIAGO.



8.- En que dous colexios santiagueses realiza os seus primeiros estudos?

9.- Que estudos realizou no colexio de La Salle?

ROBERTO VIDAL BOLAÑO



5

CON DOCE ANOS COMEZA A SÚA VIDA LABORAL, TRABALLANDO DURANTE UN ANO NUNHA EMPRESA DE REPARTO DE RECAMBIOS DE AUTOMÓBILES, «*RECAMBIOS BALSABAS*», LEVANDO PEDIDOS POR TODO SANTIAGO MONTADO NUNHA BICICLETA.



10.- A que anos comezou a traballar Roberto?

11.- En que vehículo facía os repartos?

ROBERTO VIDAL BOLAÑO



6

DESPOIS DESA PRIMEIRA EXPERIENCIA PASOU A TRABALLAR NUNHA AXENCIA DE VIAXES, «*VIAXES CANTABRIA*», NUNHA TENDA DE COLONIAIS, NOUTRA DE ELECTRODOMÉSTICOS, «*DAVIÑA*» E NUNHA SUCURSAL BANCARIA DO BANCO DE CRÉDITO COMERCIAL.



12.- En que catro actividades traballou Vidal Bolaño despois de deixar «*Recambios Balsabas*»?

1

2

3

4



CANDO FOI DESPEDIDO DA ENTIDADE BANCARIA DEDICOUSE PROFESIONALMENTE AO TEATRO, QUE ERA O QUE MÁIS LLE GUSTABA. CREOU O **GRUPO ANTROIDO** E, ANOS MÁIS TARDE, **TEATRO DO AQUÍ**. CON ESTAS COMPAÑÍAS ESTREOU A MAIORÍA DAS SÚAS OBRAS, MÁIS DE TRINTA.




13.- Que dúas compañías teatrais fundou Roberto?

1

2



CON MENOS DE QUINCE ANOS XA ESTREARA UNHA OBRA, «O XOGADEIRO», NUN COLEXIO DE MARÍN, CON TAN MALA SORTE QUE SE LLES CAEU UNHA GRAN PEDRA E AFUNDIRON O ESCENARIO. A OBRA FOI UN ÉXITO PERO AS MONXAS, PROPIETARIAS DO COLEXIO, PILLARON UN GRAN ENFADO.



14.- Como se chamaba a primeira obra que estreara Roberto Vidal Bolaño con menos de quince anos?

15.- En que localidade pontevedresa foi representado «O xogadeiro»?

16.- Que se lles caeu no medio da representación e afundiou o escenario?



ESCRIBIU MÁIS DE TRINTA OBRAS TEATRAIS, ALGUNHAS DIRIXIDAS AOS MÁIS PEQUENOS.

A SÚA PRIMEIRA OBRA PROFESIONAL FOI «*LAUDAMUCO, SEÑOR DE NINGURES*», REPRESENTADA POLO GRUPO ANTROIDO, NUN LOCAL DO COLEXIO LA SALLE, O 16 DE MAIO DE 1978.



17.- Cal é o título da primeira obra profesional de Roberto?

18.- Que grupo teatral a representou?

19.- En que local?



COA OBRA «*LAUDAMUCO, SEÑOR DE NINGURES*», TEATRO DO ANTROIDO REALIZOU XIRAS POR TODA GALICIA E ESPAÑA, UTILIZANDO SEMPRE O IDIOMA GALEGO.

CONSEGUIU REALIZAR NOVENTA REPRESENTACIÓNS.



20.- Que idioma se utilizou sempre nas representacións de «*Laudamuco, señor de Ningures*»?

21.- Cantas representacións se fixeron desta obra?



A OBRA «TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL» ERA UNHA OBRA CREADA PARA A UTILIZACIÓN DE MONICREQUES PEQUENOS DE CACHIPORRA. O SON ESTABA GRAVADO E SÓ CON DOUS OU CATRO ACTORES E ACTRICES CONSEGUÍAN MANIPULAR TODOS OS MONICREQUES E LEVAR ADIANTE A REPRESENTACIÓN.



22.- De que tipo eran os monicreques creados para a obra «Touporroutou da Lúa e do Sol»?

23.- Cantos actores e actrices se precisaban para manipular os monicreques desta obra teatral?



PARTICIPOU COMO ACTOR E DIRECTOR EN LONGAMETRAXES E SERIES TELEVISIVAS E COMO ACTOR DE DOBRAXE COLABOROU EN MÁIS DE CINCUENTA PELÍCULAS. ACTUOU NAS PELÍCULAS «SEMPRE XONXA», «BRIGADA CENTRAL» E «OS PAZOS DE ULLOA».



24.- En cantas películas colaborou Roberto como actor de dobraxe?

25.- Pon o título de dúas películas nas que actuara Roberto como actor

1

2



POLA SÚA TRAXECTORIA COMO DRAMATURGO RECIBIU NÚMEROS PREMIOS E MENCIONS: O PREMIO ABRENTE, O PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO, O RAFAEL DIESTE, O DO EIXO ATLÁNTICO, O TIRSO DE MOLINA, O MARÍA CASARES... TANTO COMO ACTOR, DIRECTOR OU ESCENÓGRAFO.



26.- Por que lle concederon a Roberto Vidal diferentes premios e mencions? Risca as tres respostas incorrectas e colorea as tres correctas.

POR CORRER A MARATHÓN

POR DIRIXIR TEATRO

POR SER UN BO ACTOR

POR NADAR MOI RÁPIDO

POR ESCRIBIR TEXTOS TEATRAIS

POR XOGAR AO FÚTBOL



TIVO UN GRAN COMPROMISO CO IDIOMA GALEGO, USÁNDOO EN TODAS AS SÚAS OBRAS E LEVÁNDOO POR TODA ESPAÑA. ROBERTO DEFENDEU SEMPRE A NOSA CULTURA, AS NOSAS TRADICIONS E O USO DO IDIOMA GALEGO POR PARTE DAS COMPANIAS DE TEATRO PROFESIONAL E AFECCIONADO DE GALICIA.



27.- Que tres cousas defendeu activamente Roberto Vidal Bolaño?

1 _____

2 _____

3 _____